



CONCELLO DE BARBADÁS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 09 DE ABRIL DE 2018.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:15 horas do día 09 de abril de 2018 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.





CONCELLO DE BARBADÁS

PARTE RESOLUTIVA

1- ROGOS E PREGUNTAS DO PLENO ORDINARIO DO 5 DE MARZO DE 2018.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todas e a todos. Damos comezo a este pleno extraordinario que se celebra a instancia do Partido Popular de Barbadás. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas, ao público que nos acompaña a este pleno extraordinario. Os fundamentos xurídicos para, dicía ben o señor Alcalde, nós fixemos a solicitude, pero vostede fixo a convocatoria aos fundamentos xurídicos que o escrito que presentamos ao señor Alcalde. Os rogos e as preguntas constitúen unha das ferramentas que o ordenamento xurídico outorga aos representantes dos cidadáns para presentar asuntos que lles afectan. Así, o artigo 23.1 da Constitución Española, sempre sensible ás ideas de participación cidadá nos asuntos públicos, ben directamente ou por medio de representantes elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal, o recolle como un dereito. Ante o crecente distanciamento da cidadanía das institucións democráticas, asistimos a un renovado intento de revitalizar a participación cidadá, co fin de acadar unha democracia participativa como complemento e profundización desta democracia representativa. Os artigos 21.1 da LBRL atribúe á alcaldía/presidencia, as funcións de convocar e presidir as sesións do pleno, o que implica a dirección e desenvolvemento da sesión. Pola súa banda o Real Decreto 2.568/1986 do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, preceptúa o seguinte: no seu artigo 82.4, na Orde do día das sesións ordinarias, incluírase sempre o punto de rogos e preguntas. No seu artigo 97.6, defínese o rogo como unha formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos do goberno municipal. Os rogos formulados no seo do pleno poderán ser debatidos pero en ningún caso sometidos a votación. Poden plantexar rogos todos os membros da corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros. Os rogos poderán ser efectuados oralmente ou por escrito, e serán debatidos xeralmente na sesión seguinte, sen prexuízo de que o podan ser na mesma sesión que se formule se o alcalde/presidente o estima conveniente. No apartado 7 do mesmo artigo, faise clara definición e de xeito independente da terminoloxía pregunta e a súa formulación. Esta regulación concrétase no regulamento orgánico municipal de Barbadás a través dos artigos 24,29b, 3 e 4 e artigo 41, que en ningún caso obriga á presentación escrita dos rogos. A limitación da intervención na quenda de rogos de xeito oral, os concelleiros nos plenos





CONCELLO DE BARBADÁS

do concello de Barbadás, deixa sen sentido o dereito de participación nos asuntos públicos que establece o xa mencionado artigo 23 da Constitución. Vetar é ante sen motivación específica é suficiente a posibilidade de plantexar rogos orais perante o pleno municipal, supón unha limitación ao exercicio daqueles dereitos ou facultades que integran os estatutos constitucionalmente relevante do representante político, e a motivar a razóns da súa aplicación, so penas, non só de vulnerar o dereito fundamental do representante dos cidadáns a exercer o seu cargo, artigo 23.2 da Constitución Española, senón tamén de infrinxir o destes e participar nos asuntos públicos, artigo 23.1 da Constitución Española. Atendendo ao escrito e coa finalidade de acadar o cumprimento dos dereitos que amparan á condición de representantes da cidadanía que ostentan os concelleiros e concelleiras do noso grupo, solicitamos a celebración da sesión plenaria coa parte de control que non se chegou a celebrar no pleno do día 5 de marzo de 2018, ao prohibir o señor Alcalde de Barbadás a formulación de rogos de xeito oral na devandita sesión, e na que deu por rematado o pleno ao finalizar a parte resolutiva. Punto 2, que nas sesións plenarias que celebra o Concello de Barbadás se respecten os conceptos xurídicos que afectan a esta entidade local, de xeito moi especial, a parte de control das mesmas, por parte dos grupos que conforman a corporación e que lle afectan de forma directa á cidadanía. 3, informe da Secretaría xeral do Concello sobre como se ten que desenvolver a sesión de control nas sesións plenarias que celebre o Concello de Barbadás, con especial atención á presentación de rogos e de preguntas. 4, informe da Secretaría xeral do concello onde se indique si se advertiu á Alcaldía e de que xeito, sobre as consecuencias de non cumprir o establecido nos correspondentes regulamentos ao impedir aos distintos grupos que conforman a corporación, a plantexar de xeito oral os rogos. Pasamos a ler os rogos que tiña o Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un inciso. Eu podo intervir para darlle resposta ao seu plantexamento, e despois pasa vostede cos rogos. En primeiro lugar, vostedes solicitaron un informe de Secretaría, obra no seu poder. Dou por feito que o leron. Entón, vou aclarar certas, certos aspectos que é ao que fai referencia vostede, para que nos queden claros a todos nós e tamén á cidadanía. Primeiro, está clarísimo que se incluíu na orde do día, que é obrigado incluír na orde do día os rogos e preguntas. Sempre se incluíu neste concello e tamén no pasado pleno se incluíron. Pero tamén é certo, ou non é menos certo, que a normativa vixente, indica a posibilidade de que esas preguntas sexan formuladas por escrito. Ao mesmo tempo que establece que serán contestadas ordinariamente na sesión seguinte. Tamén, non hai a menor dúbida de que





CONCELLO DE BARBADÁS

os concelleiros da oposición, e concelleiras, teñen dereito a obter unha resposta a esas preguntas. Que iso, evidentemente é a labor á que teñen vostedes dereito, a fiscalizar e controlar a labor de goberno. Tamén é certo que o Alcalde ten o dereito a moderar un pleno, e saben vostedes que chegadas as 12 da noite, se o pleno non está rematado, carece de validez, se prosegue o mesmo, pero... Os rogos e preguntas poden ser formulados por escrito, dio a Lei. Contéplao a Lei, e polo tanto hai que responder a eles, poden ser formulados por escrito ou verbalmente. Neste caso o Alcalde ten a función ou a capacidade de decidir como se formulan eses rogos e como se formulan esas preguntas. O que afectaría, como informa a señora Secretaria, ao dereito de participación dos concelleiros, sería non respostar a eses rogos e preguntas. Perdón, non responder ás preguntas, porque os rogos ao fin e ao cabo son unha simple petición. Os rogos, pódense formular tamén por escrito. Exactamente, pódense formular por escrito e verbalmente. Neste caso, a opción que se decidiu foi que foran por escrito. Como os grupos da oposición, como os outros grupos da oposición que estábamos aquí no seu momento, cando non gobernábamos, o facíamos. E as preguntas, e as preguntas, pódense facer tamén verbalmente ou por escrito, e optouse por facelo por escrito. Entón, entendo que non hai ningún tipo de anomalía nin de incidencia nin de conculcación de dereitos. E isto xa afecta á Secretaria. A señora Secretaria, aquí no propio informe di, que no momento final do pleno no que o Alcalde solicita a presentación por escrito dos rogos e preguntas informa, a min, verbalmente, no sentido afirmativo desa posibilidade. Ese informe, como diría a señora Secretaria, fundaméntase na práctica inmemorial deste concello, e en opinión, atiza, errada ou non, de que o dereito de participación política e función de control que lle corresponde á oposición non resulta mermado, dado que a resposta obrigatoria do Alcalde non se contempla como obrigada no mesmo acto da sesión, e tampouco se contempla a obrigatoriedade de que estas preguntas sexan formuladas verbalmente. O que dicía antes, que é potestativo. Todo elo combinado co carácter moderador que lle atribúe a lei ao Alcalde, polo tanto considera que non hai ningún tipo de incidencia aínda que pode haber un mellor criterio xurídico en relación a este asunto. Entón, iso é todo o que teño que dicir. Vostedes pasen agora á presentación dos rogos e das preguntas que teñan a ben.

A Sra. Vispo toma a palabra: Grazas señor Alcalde. Nós non estamos de acordo co que vostede acaba de dicir. Empezo polo final onde di que é unha práctica inmemorial neste Concello que se fagan os rogos e as preguntas por escrito. Dende o 2011 e temos as actas, que todas as persoas veciños deste concello poden acceder á páxina web, onde dende o 2011, xa non me vou para





CONCELLO DE BARBADÁS

atrás, senón dende o 2011 que foi dende puidemos comprobar en cada acta do pleno que se celebrou neste concello, coas anteriores lexislaturas aparecen rogos e preguntas, incluso vostede sabe, os rogos, incluso vostede sabe que non teñen debate e si se debateron nalgúns desas, que poden comprobarse nas actas que lles acabo de dicir, na páxina web. Ou sexa que para nada estou de acordo con vostede. Despois, os rogos, non estamos de acordo na afirmación que vostede di. Nós trouxemos, vostede cre que se realmente, home entendo eu, que por parte do señor Alcalde isto non fora correcto, vostede faría un pleno extraordinario? Nós, nos acollemos á lei onde di que realmente os rogos teñen que ser verbalmente, non por escrito, vale?, como vostede afirma. Non estamos de acordo, pero mire, vamos a pasar, que o máis importante é que nos quedaron os rogos e as preguntas do pleno do mes de marzo nun saco onde os veciños, súas inquietudes nolas trasladaron e que realmente non puidemos facer, e que tardamos un mes en poderlles dar unha resposta. Iso é o importante para o Partido Popular, que realmente se poda hoxe chegar a este pleno extraordinario e poder lelos. Primeiro, os rogos, o pleno de marzo de 2018, dirixidos ao señor Alcalde do Concello de Barbadás. Primeiro, queremos deixar constancia das manifestacións vertidas polo director da escola de música de Barbadás, na reunión celebrada na escola, 22 de febreiro de 2018, coa presenza dos portavoces de Democracia Ourensana e Compromiso por Barbadás, profesores da escola, director e concelleira de cultura. Estas manifestacións foron as seguintes: ante a situación de ilegalidade na que se encontraba a escola en anteriores lexislaturas, houbo que facer cambios, puntos suspensivos, o deixamos aí. A banda non pode ser municipal, ten que haber unha asociación por medio para que canalice os ingresos das distintas bandas e o coro. Entendemos que son acusacións moi graves e que dan a entender que as pautas que se marcaban dende os servizos técnicos municipais non eran do todo legais. Por todo o exposto, solicitamos informe de Intervención e Secretaría do Concello de Barbadás aclarando as legalidades dos inicios da escola, así de cal é o motivo de que a banda e o coro non podan ser municipais. Temos constancia que noutros concellos si o son. Nosa dúbida é se unha asociación allea ao concello é a que manexa a banda. Quen ten que pagar ao director de dita banda? Xa que a nómina, como temos coñecemento todos neste momento, a abona o Concello ata a data. E se pode utilizar, xa que como din vostedes non é municipal, se pode utilizar as instalacións do concello e recibir as instrucións para saídas do director da escola? O que son as instalacións, habería que facer un convenio. Ou sexa, queremos un informe de Secretaría e Intervención.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón. E que eu quero unha aclaración. Unha aclaración.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non dan dereito a debate, Ánxela.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Sobre o informe de Secretaría.

A Sra. Vispo toma a palabra: Están dirixidos ao señor Alcalde, entón, o que o señor Alcalde diga. Ou sexa, eu non teño ningún inconveniente, pero se poden deles todos e logo me contestan, como queiran, a min dáme igual.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Os rogos, vostede sabe e todos nós sabemos que non dan lugar a debate.

A Sra. Vispo toma a palabra: Entón estamos de acordo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non dan lugar a debate, pero si nalgunha ocasión se reflicte, ou se indica, ou se virte algunha afirmación que non é correcta, creo que pode dar lugar a que se fale sobre o asunto. Brevisimamente, como aclaración. Pero dende logo que hai que deixar claro que non dan lugar a debate. Vostede está facendo neste momento algunha afirmación que parece que está xerando algún tipo de dúbida ou de controversia.

A Sra. Vispo toma a palabra: Non, non. O fixeron cara a nós, non cara a vostedes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non. Xera algún tipo de dúbida. Eu non estaba presente, non podo afirmar se iso é verídico ou non é verídico. E o rogo ao fin e ao cabo está dirixido a min, polo tanto a señora concelleira do ramo ten a palabra. O que pido é por favor máxima brevidade

A Sra. Vispo toma a palabra: É que non hai debate. Non hai debate.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Non, non é debate. Unha aclaración

Sr. Alcalde toma a palabra: Moi breve Ánxela, por favor.

A Sra. González toma a palabra: Estábamos alí os representantes municipais da oposición e máis eu, xunto cos profesores de música e o director da escola de música. As afirmacións que acaba de facer dona Chelo non son exactamente así. Non se falou de que o Partido Popular cometera ningunha ilegalidade no pasado senón que hai modificacións en torno ao funcionamento da escola de música. Nese senso si se falou do tema da banda. É dicir, a banda está formada por nenos e nenas que estudan na escola de música, música. O profesor, o director da banda está contratado como profesor de clarinete e ao mesmo tempo está facendo unha función de agrupamento, e iso explicoulles alí naquel momento, fan ensaios de agrupamento. A banda como tal non pode ser municipal porque unha banda municipal supón entre outras cousas



CONCELLO DE BARBADÁS

unha contratación de profesionais, e non estamos falando de profesionais senón de nenos. E iso díxose así con estas palabras. Despois falouse de moitísimas máis cousas, entre elas de horarios, faltas de asistencia do profesorado, e dunha serie de cousas nas que se está actualmente, pois intentando limar o máximo posible a situación, porque son catorce nenos, a escola de música evolucionou moitísimo dende o momento que se iniciou o traballo nela hai aproximadamente once anos, ou así, non? Aproximadamente once anos, entón, hai unha serie de reivindicacións por parte dos profesores, ou de peticións por parte dos profesores que non poden ser en todo caso, non se poden, vamos a ver, é que hai unha serie de peticións por parte do profesorado

O sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, ten que ser breve

A sra. González toma a palabra: Que pretende facer cousas que non serían de todo legais. Entre elas pois por exemplo o mes de xullo, é un mes non laborable, é un mes non lectivo pero é un mes laborable, vale?, entón hai un regulamento de réxime interno da escola de música que regula todo iso, que regula esa serie de cousas. Entón, en ningún momento, o que quero que quede clarísimo, é que en ningún momento se falou de ilegalidade, senón dunha evolución polas circunstancias da escola de música actualmente e dunha, e das consultas a nivel legal que temos feito dende a escola de música para poderlle dar solución, vale?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Prosiga co seu rogo señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra: Segundo rogo. Reforma do parque do tren. Todo isto vai en función a un mes atrás, para que o entendan. Reforma do parque do tren. A obriga do Concello é informar á oposición da realización das obras nos distintos puntos do concello. O Partido Popular ten constancia polos decretos que nos entregan da reforma do parque do tren por importe de máis de 50.000 euros. Demanda solicitada en anteriores plenos polo Partido Popular. Os bambáns e demais elementos do parque están moi deteriorados neste momento e con astillas que poden ocasionar feridas aos máis pequenos. Solicitamos, previo informe dos técnicos do concello que se revisen e ese tome a decisión oportuna de precintar ou arranxar, no seu defecto, ditas anomalías ata que se inicien as obras de reforma. Había un columpio que estaba en malas condicións pero xa está arranxado porque houbo un mes polo medio dende que foron estes, dende que traíamos o rogo e o bambáns está arranxado. O que si, hai elementos dese parque onde están astillados e que realmente, pois hoxe poden prexudicar aos máis pequenos. Entón queremos que revisen os técnicos eses elementos que se encontran no parque do tren ata que se inicien as obras. Terceiro rogo, praza Hacha do Souto en Sobrado. Que se realicen as actuacións





CONCELLO DE BARBADÁS

necesarias na praza Hacha do Souto en Sobrado que demandan os veciños para que o autobús poda dar a volta con facilidade. Poñer en funcionamento a fonte, que non sexa soamente ornamental, e reparación do mobiliario urbano alí instalado. Hai varios, varios, ou sexa parte do mobiliario urbano que está con defectos neste momento, entón queremos que o revisen e intenten arranxalo. E é unha petición dos veciños de Sobrado que se instalen, dentro da posibilidade, os elementos bio saudables nesa zona. Cuarto, vertidos incontrolados. Os vertidos incontrolados nos montes do Concello cada vez son maiores e proliferan a pasos axigantados. Tróuxose unha moción no seu día para recollelos. Queremos saber como está actuando o Concello neste senso e que empresa os está recollendo. Salvo omisión non vimos ningunha factura nos decretos de pago pero si nos consta que hai unha furgoneta que os está recollendo e queremos saber se pasa facturación ou quen son esa empresa que os está recollendo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Unha cuestión, esa é unha pregunta ou un rogo? Claro.

A Sra. Vispo toma a palabra: Interpreteo como queira. Estou dentro dos rogos e as preguntas, así fago todo seguido. Interpreteo como queira. Claro, que se nos pase, logo os teñen por escrito, ou sexa que como queira. Sigo. O rogo cinco. Rogamos inicien as obras de acondicionamento e acabado da beirarrúa que se encontra na saída de emerxencia do centro ocupacional das Burgas, xa que retiraron varias veces, este concello e nos constan, e que fixeron caso omiso as súas peticións. Hai un trociño de beirarrúa onde está o centro ocupacional Das Burgas, que non, son dous metros nada máis. Sabemos que en reiteradas ocasións o comentaron coa señora Concelleira de obras

O Sr. Alcalde toma a palabra: E comigo tamén.

A Sra. Vispo toma a palabra: Con vostede non sei a min dixéronme coa señora, eu digo con quen, vale? Entón na medida do posible, que aparte que é a saída de emerxencia do centro ocupacional. Seis, rogo dos pais dos nenos que van a clase de inglés impartidas polo Concello. Como de todos é sabido, neste momento hai un cambio de profesorado no que son as clases impartidas de inglés. A profesora nos comentan os pais que a profesora que vai os mércores non está sendo respectuosa cos nenos e nenas, contestando incorrectamente e non os apoia nas súas tarefas. Sabemos que están encantados, tamén hai que dicilo, co profesor nativo que vai o luns. Saben que hai dous días que se dan as clases, para as persoas que nos acompañan hoxe, que hai dous días que se dan as clases de inglés de apoio, e que van distintas persoas. Como consecuencia eu creo que todos os que temos fillos, a ver, debería ser unha persoa continuada



CONCELLO DE BARBADÁS

eses dous días, que é o que nos solicitan os pais, e que si están encantados co profesor de inglés nativo, que vai o luns, palabras textuais dos pais, é encantados e que lle apoia no que realmente necesitan, pero que a persoa que está indo o mércores, pois non é a axeitada e están desencantados con ela porque non lle axuda, incluso hai contestacións, pois que non, agora mesmo non veñen ao lugar, pero que falen cos pais, sobre todo a concelleira de educación e lles será informado o que lles din aos nenos. Sete, os traballadores do concello quéixanse que en varios meses as súas nóminas se lle abonan despois do día primeiro de mes. Tendo que facer fronte a pagos e hipotecas. Solicitan que se lles aboen no último día do mes anterior. É dicir, antes do día un porque, a ver, sei que había problemas coas nóminas, entón pois varios empregados deste concello se dirixiron a nós no mes anterior, xa en febreiro para que o trasladásemos ao concello de que si se podían aboar as nóminas en tempo e forma antes do día un, porque todos sabemos, por defecto profesional que as hipotecas se pasan o día un, e os demais recibos tamén para que podan facer fronte a eles e non teñan que pagar intereses por elo. Oito, a lexislación vixente informa que pode asinar o pago de nóminas un habilitado nacional, un interventor ou o propio alcalde. Temos, supostas informacións, que neste concello non se está procedendo así e que foron asinadas por algún traballador que non está habilitado para elo, incorrendo nunha ilegalidade. Solicitamos informe de Intervención no que se nos aclare a veracidade do exposto e poder examinar das nóminas dos meses de xaneiro, febreiro e marzo do 2018. Nove, irregularidades no pago das asistencias dende o inicio da lexislatura. Existen irregularidades nos pagos das asistencias dos membros da corporación, relativos a débedas, no ano 2016 ata setembro do 2017. Por non falar das que xa coñecemos dende o 1 de outubro do pasado ano á actualidade. Vamos a presentar un escrito, que o ten neste momento a señora Secretaria, que llo entreguei ao inicio do pleno, onde indicamos as mesmas, e solicitando o correspondente abono. E ata aquí señor Alcalde. O que si quero que vexan é un rogo que si que nos deixen porque realmente hai moitos rogos que eran doutros meses e que o tivemos que traer neste momento polo que iniciamos, polo que convocamos, solicitado este pleno extraordinario. Moitas grazas señor Alcalde.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, eu o único escrito que teño é este, o de rogos e preguntas. Non teño... Este é a confirmación do avanzado por correo electrónico esta mañá.

A Sra. Vispo toma a palabra: Mira, é este. É que aquí está a copia. Temos dous, un que che entreguei, temos o do pleno ordinario, os rogos, entreguei un. Está asinado por diante. E por





CONCELLO DE BARBADÁS

detrás veñen todos os

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, está aquí. Efectivamente.

A Sra. Vispo toma a palabra: Perfecto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Algunha cuestión máis.

A Sra. Vispo toma a palabra: Non, non, moitas grazas. Ata aquí os nosos rogos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Preguntas están? É todo? É todo. Pois polo tanto, non sei se alguén quere responder brevemente a algunha das cuestións que expúxoo Partido Popular? Non. Rogos son deles. Ah! vostede ten dereito a rogos tamén, claro. Se é iso o que quería. Eu estaba preguntando por se alguén quería responder.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben. Boas tardes a todos e a todas. Eu quería simplemente, chámelle rogo, petición ou o que queira. Aínda non nos quedou claro por que non se admitiron os rogos aquel día. Creo pensar que foi polo que eran xa as doce da noite. Non eran. Vale. Nada, simplemente, deixar constancia aquí, que hai xente que non o sabe, que nós nun pleno, non puidemos debater unha moción porque se estendeu en demasía o pleno en non puidemos debater unha moción. E como o noso grupo só somos un, non puidemos pedir un pleno extraordinario. O Partido Popular, como son sei, e é unha terceira parte da corporación, pode pedir, non sei, que me corrixa a señora Secretaria, pero creo que son tres plenos extraordinarios ao ano. Ou non?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, pero é que este se convocou, é dicir, solicitar pode solicitar

O Sr. Padrón toma a palabra: Pero este pleno está solicitado polo Partido Popular.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Solicitar é unha cousa. Vostede pode solicitalo tamén. Outra cousa é que sexa obrigatoria a súa convocatoria.

O Sr. Padrón toma a palabra: Pero é obrigatoria no caso do Partido Popular porque ten un terzo dos concelleiros da corporación. Se non lin ben o regulamento.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Sería unha convocatoria automática a que se produciría no caso de que o señor Alcalde

O Sr. Padrón toma a palabra: Entón, este pleno o señor Alcalde podería non habelo convocado?. Legalmente digo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, porque non fixeron alusión ao amparo do seu quorum mínimo.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Padrón toma a palabra: Pero podían habelo feito.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Podían habelo feito, si.

O Sr. Padrón toma a palabra: Foi decisión do Alcalde, aceptalo. É o que quería que me quedara claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Aclararlles de novo o dos rogos e preguntas. A presentación dos rogos e preguntas verbalmente, é unha facultade potestativa, non é obrigado. Non é obrigado. O que é obrigado é responder ás preguntas. Segundo informe da señora Secretaria. Que evidentemente eu entendo que está perfectamente elaborado. Entón, a cuestión é que os rogos e preguntas se poden facer verbalmente ou por escrito. Neste caso é unha decisión de alcaldía optar por unha ou por outra. Optouse neste caso pola vía escrita. Non hai outra cuestión. Quería falar Marga. Ah! Fina, perdón, tes algún rogo ou ten vostede algún rogo. Para o próximo pleno. Grazas. Marga e despois Ánxela que quería despois responder.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSdeG-PSOE): Soamente facer un pequeno apunte. Estes rogos enténdense que son do día do pleno do día 5 de marzo?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si.

A Sra. Pérez toma a palabra: O mesmo día que empezaron estes dous profesores? Si. O mesmo día 5 de marzo, comezaron estes dous profesores, tanto o nativo como a outra chica. Si. O día cinco. Nada máis.

A Sra. Vispo toma a palabra: A información foi anterior. A temos.

A Sra. Pérez toma a palabra: Non. está aí o contrato. Está o contrato aí en Secretaría. Cinco de marzo.

A Sra. Vispo toma a palabra: Pero, non empezaron anteriormente.

A Sra. Pérez toma a palabra: Non, non. Cinco de marzo á tarde. Estiven eu presente, o día que empezaron.

A Sra. Vispo toma a palabra: Non foron anteriormente? Pois a nós nos pasaron, non sei non teño nin idea.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas Marga.

A Sra. Vispo toma a palabra: A información, pódoche dicir a persoa que nolo dixo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non se trata diso, tampouco.

A Sra. Pérez toma a palabra: Empezaron o mesmo día cinco, entón...

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, por favor. Ah! É unha consulta particular, perdón. Pois





CONCELLO DE BARBADÁS

dato que non hai máis rogos ou preguntas, queda levantada esta sesión.

O Sr. Padrón toma a palabra: Teño unha pregunta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Que se soltou o aparatíño.

O Sr. Padrón toma a palabra: Eu non teño culpa que se convoquen plenos extraordinarios antes do pleno ordinario. Unha pregunta que lle fago. Podo facer unha pregunta ao outro grupo da oposición, non?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Penso que non. Señora Secretaria, penso que non.

A Sra. Secretaria toma a palabra: As preguntas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Van dirixidas a alcaldía. Ao mellor pódolle responder eu.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Van dirixidas ao grupo de goberno.

O Sr. Padrón toma a palabra: Ao mellor respóndeme. Se o señor Alcalde non houbera aceptado este pleno extraordinario, o Partido Popular houbérao convocado igual facendo facultade dos seis concelleiros que ten?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Esa é unha cuestión que teñen de dilucidar eles. Iso entra dentro da estratexia política. Saberán eles que estratexia política queren adoptar.

A Sra. Vispo toma a palabra: Contéstoche despois.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor. Despois nun receso, nun receso ou cando queiran, pero agora mesmo non, estamos no pleno. Pasamos ao pleno ordinario.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Entón finaliza a acta sendo as oito menos dez.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 19:50 no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL

